




PREGUNTA ORAL SOBRE O PAGO DUNHAS FACTURAS Á EMPRESA *SERUNIÓN* A UN PREZO SUPERIOR AO QUE A EMPRESA VIÑA FACTURANDO.

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao Alcalde para a súa contestación oral no Pleno:

A Xunta Local de Goberno ven de aprobar un recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da empresa *Serunión*, pola prestación, sen contrato, do servizo de comedores escolares dende mediados do mes de novembro ata o 31 de xaneiro, por un prezo unitario superior nun 130% ao facturado con ocasión do contrato menor que deu cobertura ao servizo entre o comenzo de curso e mediados do referido mes de novembro.

Tal recoñecemento extraxudicial foi aprobado malia a existencia dun reparo suspensivo no que a Intervención advirte que “se descoñecen as causas da diferenza” entre os prezos do contrato menor e o prezo da prestación posterior a tal contrato menor.

Esta utilización de fondos públicos para satisfacer, sen causa coñecida, o pago dunhas facturas a un prezo unitario superior nun 130% ao que resultaría explicable fai que se manteñan vixentes as preguntas formuladas no seu día, no marco dunha comparecencia, ao concelleiro de Educación e



non respostadas polo mesmo e, sobre todo, fai urxente a formulación dunha nova pregunta:

Por qué o alcalde e a Xunta Local de Goberno, pese ás advertencias da Intervención, propician o pago dunhas facturas á empresa Serunión a un prezo unitario superior nun 130% ao que a empresa viña facturado polo servizo?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2016



Alejandro Sánchez Brunete
Concelleiro do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela